

## ANUNCIO

No *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) núm. 132, do 15/07/2019, foi publicado o acordo adoptado polo Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria do 08/07/2019, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións.

Así mesmo, no BOP núm. 139, do 24/07/2019, foi publicada a parte resolutiva da Resolución de Alcaldía núm. 1384/2019, do 8 de xullo, de determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

Tendo en conta que na sesión extraordinaria do Pleno municipal do 23/12/2021 tense aprobado a fixación das novas contías a percibir en concepto de asistencias a órganos colexiados, acordo que foi publicado no BOP núm. 33 do 17/02/2022.

De conformidade co establecido no artigo 22.3 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio do presente anuncio dáse publicidade aos acordos vixentes no Concello de Cambre en canto ao réxime de dedicación, retribucións, asistencias e indemnizacións dos concelleiros integrantes desta Corporación, tal e como se transcriben a continuación:

**1º** Os membros da Corporación que exercen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola Administración de orixe en caso de servizos especiais) son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras: 40.000,00 €
- Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos: 29.000,00 €
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá: 29.000,00 €
- Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social: 29.000,00 €
- Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 29.000,00 €
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia: 29.000,00 €
- Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia: 29.000,00 €
- Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na Área de Cultura, Deportes e Xuventude: 29.000,00 €
- Dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade: 29.000,00 €

**2º** O alcalde-presidente da Corporación, don Óscar A. García Patiño, desempeña o seu cargo en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual de 35.000,00 €

**3º** As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

**4º** Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial perciben pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local ordinaria: 290 €
- Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, compútanse como unha soa asistencia.

**5º** Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Cambre, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Óscar A. García Patiño